



III CARREIRA POPULAR

CONCELLO DE BEGONTE

+ XANTAR DE CONVIVENCIA

CLUB FLUVIAL DE BEGONTE
SÁBADO 23 XUÑO 2018

INSCRICIÓNS ATA AS 23:59 HORAS DO 20 DE XUÑO

REGULAMENTO

23 XUÑO 2018

CLUB FLUVIAL DE BEGONTE

+ XANTAR DE CONVIVENCIA

CONCELLO DE BEGONTE
BOBILGA
III CARREIRA



III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA

Por terceiro ano consecutivo o **Concello de Begonte** inclúe na súa programación deportiva a “**III Carreira Popular Concello de Begonte**”, co obxectivo primordial de fomentar o deporte como hábito saudable, ademais de, potenciar a dinamización do municipio.

Unha edición cargada de novidades como por exemplo, o percorrido da carreira que transcorre por unhas extraordinarias paisaxes naturais, a beira do río Ladra.

Por outro lado, o punto de encontro dos atletas terá lugar na área recreativa do Club Fluvial de Begonte, un entorno de increíble beleza natural que conta cuns servizos básicos para pasar unha xornada deportiva perfecta e esquecer os das aglomeracións e ruídos da cidade: zona de baño, tómbos no recinto, un cómodo acceso ao río, canchas de baloncesto e pista de tenis, porterías de fútbol-sala sobre céspede, zona de xogos infantís, mesas de pícnic, bar, aseos, duchas, aparcamento, etc.

Ademais, pódese gozar dun paseo en piragua polo río, grazas ao servizo de aluguer proporcionado pola empresa "Multiaventura Non Estreses". En fin, un lugar que favorece o deporte e o contacto coa natureza para toda a familia.

Pero este ano ademais, ofertamos aos atletas e acompañantes unha proposta única e diferencial, un **Xantar de Convivencia**, que terá lugar no Club Fluvial de Begonte unha vez finalizada a entrega de premios. Será unha xornada de lecer e de encontro que contará cun xantar colectivo a base de empanada de Begonte, churrasco, postre, pan, bebida e café e estará amenizado musicalmente. Sen dúbida, unha idea pioneira que nos gustaría manter para as futuras edicións





III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA

ARTIGO 1: DATA

A III Carreira Popular Concello de Begonte celebrarase o sábado, 23 de Xuño de 2018, ás 11.30 h. O punto de encontro e saída da Carreira estará situado no Club Fluvial de Begonte.

ARTIGO 2: CATEGORÍAS E DISTANCIAS

	HORA DE INICIO	CATEGORÍA	ANO NACEMENTO / IDADES	DISTANCIA
CARREIRAS MENORES	11.30	Mini	Nados/as en 2011 e 2014	150 m aprox
	11.35*	A	Nados/as en 2009 e 2010	500 m aprox
	11.40*	B	Nados/as en 2006-2007-2008	1000 m aprox
	11.50*	C	Nados/as en 2003-2004-2005	2000 m aprox
	12.05*	D	Nados/as en 2000-2001-2002	3500 m aprox
CARREIRA ABSOLUTA	12.30	SENIOR	Nados en 1999 a 34 anos	7000 m aprox
		Veteráns A	35 a 44 anos	7000 m aprox
		Veteráns B	45 a 54 anos	7000 m aprox
		Veteráns C	Maiores de 55	7000 m aprox

*Os horarios das carreiras menores poderán variar dependendo do número de inscritos.

ARTIGO 3 : CIRCUÍTO

O circuítO estará completamente pechado ó tráfico e acoutado con valos e outros elementos delimitadores, naqueles tramos nos que non exista unha diferenciación natural polo mobiliario urbano.

Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola Organización.

As carreiras terán lugar unicamente pola calzada do tráfico rodado, sen empregar ningunha zona peonil. Está prohibido o uso como zona de carreira as beirarrúas, setos centrais, zonas axardinadas, etc. O non cumprimento desta norma, así como recortar o trazado oficial, suporá supoñer a descualificación do infractor.



III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA

ARTIGO 4: INSCRICIÓN, PRAZOS E COTAS

A **inscrición** realizarase online na páxina web www.championchipnorte.com

O **prazo** para inscribirse rematará o mércores, 20 de Xuño de 2018, ás 23:59 horas.



A **cota** de inscrición na **carreira** é:

Categoría Menores: **gratuíta**

Categoría Absoluta:

5€ para os inscritos ata o 16 de xuño ás 23:59h.

8€ para os inscritos dende 17 ao 20 xuño ás 23:59h.

A inscrición na carreira da dereito a participar na proba, seguro de responsabilidade civil e de accidentes, así como a facer uso de tódolos servizos establecidos pola Organización para os participantes (ludoteca con inchable para os nenos/as, duchas no Pavillón Municipal de Begonte, gardarroupa, aparcadoiros, etc.) e unha camiseta conmemorativa da carreira. Ademais, proporcionarase auga e avituallamento sólido a tódolos participantes en cada unha das carreiras no punto de avituallamento situado nun lugar visible despois da meta.



A inscrición no **Xantar de Convivencia** é **opcional** e ten un custo para tódalas categorías (menores e absolutas) de :

5€ para os inscritos ata o 16 de xuño ás 23:59h.

8€ para os inscritos dende o 17 ao 20 xuño ás 23:59h.

Esta xornada de lecer e de encontro, estará amenizada musicalmente e terá lugar nunha zona habilitada do Club Fluvial de Begonte, ao aire libre, unha vez finalizada a entrega de premios.

Cada corredor inscrito poderá inscribir dous acompañantes como máximo.

Os inscritos neste Xantar de Convivencia recibirán un ticket co dorsal, que deberán gardar e entregar no momento de recoller a comida.

Non se devolverá o importe da/s inscrición/s por motivos alleos a Organización.





III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA

ARTIGO 5: DORSAIS, CHIPS E TICKETS XANTAR

A recollida de dorsais, chips e ticket do Xantar de Convivencia realizarase **o mesmo día da proba, dende as 09.30h ata unha hora antes da saída de cada carreira**, no punto de información do Club Fluvial de Begonte.

Os dorsais son persoais e intransferibles. Deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación no mesmo, nin dobreces e así levalo durante toda a proba.

Será obrigatoria a utilización do chip de cronometraxe subministrado pola Organización excepto para os propietarios de chip amarelo que poden utilizar o seu. A categoría Mini corre sen chip.

O chip irá correctamente atado nos cordóns das zapatillas ou cunha tobillera á altura do nocello.

Ao finalizar a carreira os corredores deberán OBRIGATORIAMENTE devolver o chip facilitado pola Organización, no punto de información donde recolleron o dorsal.

Non serán admitidos pola Organización corredores que non estean inscritos ou corran sen dorsal e chip, ou co dorsal e chip correspondentes a outra carreira. Impedirase que teñan acceso á carreira en defensa dos dereitos dos regulamentariamente inscritos.

ARTIGO 6: PECHE DE CONTROL DA CARREIRA ABSOLUTA

O peche da proba absoluta realizarase 60 minutos despois da súa saída. Pasado ese tempo, o participante que continúe participando na carreira deberá retirarse do circuío oficial da competición.

ARTIGO 7: SISTEMA DE CRONOMETRAXE

A cronometraxe realizarase mediante o sistema de chips de Multisports Galicia, S.L. Existirán varios puntos de control ó longo do percorrido. Os participantes que non cumpran co paso por tódolos puntos de control, descualificaranse se así o decide o xuíz árbitro da proba, o que suporá a non aparición nas listas de resultados oficiais finais.



III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA

ARTIGO 8. CLASIFICACIÓN, PREMIOS E TROFEOS.



Carreira Absoluta

PREMIOS		
CLASIFICACIÓN	FEMENINA	MASCULINA
1º	Trofeo + 200 €	Trofeo + 200 €
2º	Trofeo + 150 €	Trofeo + 150 €
3º	Trofeo + 100 €	Trofeo + 100 €
4º	Medalla + 75 €	Medalla + 75 €
5º	Medalla + 50 €	Medalla + 50 €



Categorías A, B, C, D, Senior, Veteráns A, B e C

PREMIOS		
CLASIFICACIÓN	FEMENINA	MASCULINA
1º	Trofeo	Trofeo
2º	Trofeo	Trofeo
3º	Trofeo	Trofeo



Trofeo para o primeiro atleta local masculino e feminino.



Medalla para tódolos corredores da Categoría Mini e A.

Os premios e trofeos NON son acumulativos.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Begonte a través dunha transferencia bancaria. Os participantes que resulten gañadores da carreira absoluta recollerán nese intre un vale do premio. Para poder realizar a transferencia do premio ó **gañador**, deberá presentar copia do vale, copia do DNI, e certificación do número da conta bancaria nas oficinas do Concello ou remitir a documentación a través da sede electrónica do Concello de Begonte <http://begonte.sedelectronica.es/info.0>, (instancia xeral, tramitación electrónica), antes do 28 de xullo de 2018.



III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA

ARTIGO 9: ENTREGA DE PREMIOS

Os atletas premiados deberán situarse na zona próxima á entrega de premios no momento no que se faga o anuncio pola megafonía, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías.

Os gañadores deberán estar presentes na entrega de premios salvo causa xustificada.

Agradecemos ós responsables dos clubs que, se teñen constancia de que algún atleta non está presente, o comuniquen na zona habilitada para a entrega de premios o antes posible e así evitar esperas innecesarias.

Aqueles que poidan alegar unha causa xustificada pola ausencia no momento da entrega, deberán poñer en contacto co Concello durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos e medallas non recollidos.

ARTIGO 10: RECLAMACIÓNS

Todas as reclamacións faranse verbalmente ó Xuíz Árbitro, situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais.

ARTIGO 11: DESCUALIFICACIÓNS

Os xuíces da proba e membros da Organización resérvanse a facultade de descualificar ao infractor que, comprobada calquera irregularidade: non levar visible ou seu dorsal, manipular ou cederlo a outro, alterar os datos facilitados á organización ou ó xuíz árbitro con respecto ós que figuren non seu DNI ou ficha federativa, non completar o percorrido completo, manifestar un mal estado físico ou non facilitar á Organización a documentación que se lle requira.

Descualifícaranse ós corredores/as que non respecten as indicacións da Protección Civil, Xurado, Servizos Médicos ou membros da Organización debidamente identificados.

Os corredores descualificados non terán opción ós premios e trofeos.



III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA

ARTIGO 12: RESPONSABILIDADE

É necesario estar inscrito para ter cobertura dos seguros RC e de accidentes.

Tódolos inscritos participan voluntariamente e declaran, baixo a súa responsabilidade, realizar o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións físicas óptimas para realizar a proba, eximindo a Organización de dita responsabilidade.

A Organización:

- Responsabilízase dos accidentes que se rexistren dentro do percorrido, pero declina toda responsabilidade no caso de padecemento latente, accidente por abandono do itinerario establecido ou negligencia do participante.
- Disporá dos servizos médicos, de acordo coa lexislación vixente e coa colaboración de Protección Civil nos puntos máis estratéxicos do percorrido.
- Non se fai responsable dos danos que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes desta proba.
- Non se fai responsable das consecuencias que se deriven dunha inscrición defectuosa e /ou errónea por parte do corredor ou en quen este delegue.

ARTIGO 13: RESULTADOS

Os resultados da carreira popular estarán dispoñibles na páxina web da proba www.championchipnorte.com

ARTIGO 14: INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ATLETA

- **Duchas:** unha vez rematada a proba estarán a disposición dos corredores vestiarios con duchas femininas e masculinas no Pavillón Municipal de Begonte e unha ducha mixta no Club Fluvial de Begonte.
- **Gardarroupa.** Os atletas poderán dispor de servizo de gardarroupa no punto de información do Club Fluvial.
- **Aparcadoiros:** disporase dun aparcadoiro detrás do Pavillón Municipal de Begonte, e outro situado no Club Fluvial de Begonte. Neste último, permitirase a entrada ata ás 10.45h, e non se permitirá a saída ata finalizada a carreira absoluta.



III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA


- **Ludoteca e inchable.** Disporase de ludoteca gratuíta para os nenos atletas e o fillos dos atletas mentres se disputan as carreiras.



ARTIGO 15. AUTORIZACIÓN DO DEREITO DE USO DA IMAXE



Tódolos corredores polo feito de inscribirse, autorizan a utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso da carreira e facer uso de ditas imaxes de xeito respetuoso e responsable, conforme a Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección datos de carácter persoal e aceptan a publicación tanto do seu nome, como da súa imaxe nas clasificacións da proba, nos medios de comunicación e na internet.

ARTIGO 16: MAPA E PERFIL DAS CARREIRAS








III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA





III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA





III CARREIRA POPULAR CONCELLO DE BEGONTE 23 DE XUÑO 2018 XANTAR DE CONVIVENCIA



ARTIGO 17:

O mero feito de inscribirse na Carreira ,supón a aceptación do presente regulamento.

O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento.

A organización resérvase o dereito de modificar ou anular o presente Regulamento se as circunstancias o aconsellan.

